

EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA

2º ESO

Obxectivos didácticos

1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social, tomando conciencia da propia identidade, das características e experiencias persoais respectando as diferenzas cos outros e desenvolvendo a autoestima.
2. Coñecer e expresar os sentimentos e as emocións e desenvolver a afectividade nas relacións cos outros, manifestando unha actitude aberta, solidaria e respectuosa, rexeitando os estereotipos, os prexuízos e a violencia en todas as súas formas.
3. Desenvolver a iniciativa persoal, actuar con autonomía, asumindo responsabilidades individuais e colectivas e practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto, utilizando o diálogo e a mediación para evitar e resolver os conflitos.
4. Coñecer, valorar e exercer os dereitos e asumir responsablemente os deberes e as obrigas que se derivan das declaracións internacionais de dereitos humanos e da Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia, identificando os valores que os fundamentan.
5. Asumir a pluralidade das sociedades actuais recoñecendo a diversidade como enriquecedora da convivencia e defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións existentes por razón de sexo, orixe, crenzas, diferenzas sociais, orientación afectivo-sexual ou de calquera outro tipo, como unha vulneración da dignidade humana e causa perturbadora da convivencia.
6. Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, valorar a diferenza de sexos rexeitando os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación e participar activamente na prevención da violencia de xénero.
7. Coñecer e apreciar os principios e valores que fundamentan e lexitiman os sistemas democráticos e o funcionamento da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado español e da Unión Europea, tomando conciencia do patrimonio común e da diversidade social e cultural.
8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos da convivencia. Asumir os deberes cidadáns na mantenza dos bens comúns e recoñecer o papel do Estado como garante dos servizos públicos.
9. Coñecer as diversas formas de participación política, desenvolver habilidades dialóxicas orientadas á participación democrática e valorar a importancia da participación cidadá ben sexa na vida política institucionalizada ou noutras formas de participación como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.
10. Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, así como a relación entre os conflitos armados e o subdesenvolvemento. Valorar as accións encamiñadas á consecución da paz e a seguridade e a participación activa como medio para lograr un mundo máis xusto.
11. Recoñecerse membros dunha cidadanía global, baseada nos valores da liberdade, a igualdade e a xustiza e implicarse activamente na súa realización, comezando por mostrar respecto crítico polos costumes e modos de vida de poboacións distintas á propia e manifestar comportamentos solidarios coas persoas e colectivos desfavorecidos.
12. Coñecer e analizar as principais teorías éticas que máis contribuíron ao recoñecemento das liberdades e dos dereitos das persoas.
13. Identificar as posicións morais que están na orixe dos principais problemas e conflitos do mundo actual, valorar a importancia da análise ética na orientación da súa resolución e desenvolver unha actitude crítica ante os modelos que se transmiten a través dos medios de comunicación, mediante a adquisición de destrezas básicas na utilización das fontes de información.
14. Adquirir un pensamento crítico, desenvolver un criterio propio e adquirir habilidades para comunicar as propias ideas e defender as propias posicións en debates, a través da argumentación documentada e razoada, así como para escoitar e valorar as razóns e argumentos das outras persoas.

15. Practicar o diálogo coa realidade social en continuo proceso de transformación, como instrumento para a análise crítica das conviccións persoais e a formulación dun proxecto de vida propio, na dimensión persoal, cívica e profesional.

Contidos mínimos

Bloque 1. Contidos comúns

- Identificación de problemas actuais, a súa conceptualización e reflexión argumentada.
- Análise comparativa e avaliación crítica de informacións proporcionadas polos medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión de actualidade.
- Prácticas de exposición (oral e escrita) das ideas propias ou dos resultados das lecturas e da información obtida a través de diversos medios.
- Preparación e intervención en debates, sobre aspectos relevantes da realidade social, considerando as posicións e alternativas existentes e desenvolvendo unha actitude de compromiso para a súa mellora.
- Utilización do diálogo como estratexia para a identificación dos conflitos e a solución dos problemas.
- Comprensión dos conceptos fundamentais dos contidos da materia expresando o seu verdadeiro significado nas exposicións e argumentacións.
- Construción de argumentacións racionais sobre as cuestións propias da materia que sirvan de apoio ou crítica dunha determinada posición.

Bloque 2. Relacións interpersoais, convivencia e participación

- Comprensión e incorporación dos conceptos de amizade, fraternidade, dignidade, sinceridade, agradecemento, cordialidade, diálogo, etc., básicos para a convivencia.
- Recoñecemento e valoración da convivencia familiar como un sistema de comunicación e cooperación entre xeracións. Posibles disfuncións: análise e busca de solucións compartidas.
- Recoñecemento e valoración da amizade como un sistema de comunicación e cooperación entre iguais.
- Valoración e uso do diálogo como instrumento para a prevención e resolución de conflitos nas relacións entre iguais e nas relacións interxeracionais.
- Análise da importancia da sexualidade na vida humana, da necesidade dunha regulación ética das relacións sexuais baseada no respecto e na equidade e prevención de prácticas de risco.
- Valoración crítica da división social e sexual do traballo e rexeitamento de prexuízos racistas, xenófobos, homófobos e sexistas.
- Axuda a compañeiras, compañeiros e, en xeral, a persoas en situación desfavorecida e responsabilización no coidado das persoas dependentes.
- Participación no centro educativo e en actividades sociais da comunidade como aprendizaxe dos deberes cidadáns. Especial incidencia na mediación e acollida de alumnado inmigrante.

Bloque 3. Deberes e dereitos cidadáns

- Identificación e exercicio dos deberes e dereitos que teñen como alumnado dun centro.
- Coñecemento e manexo da Declaración universal dos dereitos humanos, asunción dos deberes e responsabilidades que dela se derivan e valoración do proceso de recoñecemento e proclamación dos dereitos humanos como unha conquista histórica inacabada.
- Recopilación de información sobre os distintos tipos de documentos que recollen a lexislación internacional sobre os dereitos humanos (declaracións, pactos, convenios...) e sobre os mecanismos de control e protección dos acordos.
- Recoñecemento da igualdade das persoas en dignidade e dereitos, identificación e condena de situacións de violacións dos dereitos humanos e coñecemento dos recursos para denunciar e combater a violación dos dereitos.
- Valoración das diferenzas de xénero como enriquecedoras das relacións interpersoais. Coñecemento dos dereitos das mulleres na nosa sociedade actual e a loita pola súa consecución. Recoñecemento da igualdade de dereitos de mulleres e homes e identificación e rexeitamento das situacións de discriminación de feito das cales aínda son vítimas as mulleres.

Bloque 4. Democracia e cidadanía

- Identificación do sistema de dereitos e deberes como base da convivencia política. Valoración do exercicio dunha cidadanía activa, que coñece os seus dereitos e asume as súas responsabilidades. Os sistemas de votación democrática.
- Identificación das principais institucións e dos conceptos fundamentais que definen un sistema democrático.
- Identificación e coñecemento dos principios, dereitos e deberes fundamentais recoñecidos na Constitución española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Identificación e valoración das diversas formas de participación cidadá: cooperación, asociacionismo e voluntariado.
- Valoración da política como servizo á cidadanía: a responsabilidade pública. Información sobre a estrutura e funcionamento da protección civil e coñecemento do seu papel na prevención e xestión dos desastres naturais e provocados. Os sistemas de votación democrática.
- Asunción da responsabilidade cidadá: identificación e aprecio dos bens comúns e servizos públicos. Valoración dos impostos como a contribución da cidadanía aos gastos e investimentos públicos e como instrumento para a distribución da renda e compensación das desigualdades.
- Reflexión sobre as causas, avaliación das consecuencias dos accidentes de circulación e implicación na súa prevención.
- Coñecemento dos dereitos e deberes que implica o consumo, planificación de condutas e adquisición de hábitos de consumo racional e responsable compatible coa sustentabilidade.
- Observación do impacto das actividades individuais e colectivas sobre o ambiente e valoración da responsabilidade polo seu coidado.

Bloque 5. Cidadanía en tempos de globalización

- Valoración da diversidade social e cultural como enriquecedora da convivencia nunha sociedade plural.
- Identificación dos elementos culturais propios que poidan estar en perigo nun mundo globalizado e posibles solucións.
- Identificación de situacións de violación de dereitos e sensibilización fronte ás necesidades de colectivos e grupos desfavorecidos. Planificación de iniciativas encamiñadas á construción dunha sociedade máis xusta e solidaria.
- Identificación dos principais conflitos no mundo actual e sensibilización ante a situación das persoas que sofren directamente as súas consecuencias. Información sobre o papel dos organismos internacionais e as forzas de pacificación na prevención e resolución dos conflitos. Identificación e valoración das accións individuais e colectivas a favor da paz.
- Análise e valoración da influencia das novas formas de comunicación, información e mobilidade no establecemento de relacións globais entre as persoas de diferentes lugares do mundo e das consecuencias da globalización económica.
- Sensibilización ante as desigualdades: riqueza e pobreza. Coñecemento de iniciativas encamiñadas á loita contra a pobreza e a axuda ao desenvolvemento.

Os contidos mínimos ademais incorporan en tódalas unidades os seguintes contidos mínimos de procedemento ou instrumentais: A realización segundo as seguintes características de:

Comentario de texto

1. -Comprensión

Consiste en enunciar o que hai nun texto dado, desenvólvelo poñendo de releve as expresións máis cargadas de sentido, reordena-los seus elementos segundo a súa importancia no discurso, facer explícitas as súas articulacións implícitas co fin de revelar o seu esquema argumentativo. A este fin: localízase o tema e idea principal, identifícanse as ideas secundarias e explícanse o significado dos conceptos máis importantes.

2. .Explicación:

Trata de entaboar un diálogo co texto, co fin de mostrar cá é o seu papel no contexto histórico, de desenvólvelos contidos en base aos coñecementos previos, de argumentar reflexivamente sobre os mesmos contidos e de valoralos fundamentamente aportando razóns a favor ou en contra. Pode desembocar nunha reflexión máis longa na que entren en xogo o pensamento doutros autores e mesmo a reflexión persoal fundamentada do comentador.

Traballo monográfico

Será unha composición escrita individual ou en grupo -que pode ser defendida oralmente diante da clase, se así se establecera, de carácter descritivo e valorativo sobre un tema ou apartado do mesmo que manteña relación cos contidos propios da materia. Para cuxa confección recibirán orientacións do profesor, na que aparezan reflectidos con boa presentación, claridade, organización, e desenvolvemento suficiente as liñas principais e secundarias que o explican, a valoración razoada e reflexiva, a argumentación razoada, a estimación das consecuencias, etc. E serva de base e recurso para expoñelo e defendelo, dando resposta as preguntas que lle fagan, tanto os demais compañeiros como o profesor, sobre algún aspecto significativo relacionado co mesmo.

Exercicio de aplicación dos coñecementos

Correspondendo a características específicas do tipo de exercicio de que se trate, deberase: resumir, analizar, sintetizar, comparar, valorar, deducir, comentar, completar, etc. No que se poñan en xogo tanto a asimilación dos contidos como a reflexión racional empregando os coñecementos propios da materia de Educación para a cidadanía e calquera outros relevantes.

Avaliación

Cráterios

1. *Valorar a importancia das outras persoas para a construción da propia identidade, tomar conciencia dos vínculos que están na base da convivencia e iniciar a construción dun código de conduta autónomo, a partir do recoñecemento da propia identidade e do respecto e tolerancia polas diferenzas persoais e sociais.*
2. *Practicar o diálogo para evitar e superar os conflitos nas relacións entre iguais e nas relacións interxeracionais.*
3. *Identificar e rexeitar, a partir da análise de feitos reais ou figurados, as situacións de discriminación cara a persoas de diferente orixe, xénero, ideoloxía, relixión, orientación afectivo-sexual e outras, respectando as diferenzas persoais e mostrando autonomía de criterio.*
4. *Participar, de modo democrático e cooperativo, en todas as actividades programadas tanto na aula como fóra dela, e en xeral na vida do centro e do contorno como preparación para o exercicio dunha cidadanía activa.*
5. *Utilizar diferentes fontes de información e considerar as distintas posicións e alternativas existentes nos debates que se formulen sobre problemas e situacións de carácter local ou global.*
6. *Identificar os principios básicos das declaracións internacionais dos dereitos humanos e a súa evolución, distinguir situacións de violación destes e recoñecer e rexeitar as desigualdades de feito e de dereito, en particular as que afectan ás mulleres.*
7. *Identificar os conceptos fundamentais (pluralismo político, parlamentarismo, representatividade...) que definen un sistema democrático, os principios e as institucións fundamentais, así como os dereitos e deberes que establece a Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia.*
8. *Identificar os principais servizos públicos que deben garantir as administracións, recoñecer a contribución da cidadanía no seu mantemento e mostrar, ante situacións da vida cotiá, actitudes cívicas relativas ao coidado do contorno, á seguridade vial, á protección civil e ao consumo responsable.*
9. *Utilizar e contrastar con rigor información procedente de diversos medios para identificar as causas dalgúns dos problemas de convivencia nas sociedades actuais, elaborar un punto de vista propio e desenvolver actitudes responsables que contribúan á súa mellora.*
10. *Identificar as características da globalización e o papel que xogan nela os medios de comunicación, recoñecer as relacións que existen entre a sociedade en que vive e a vida das persoas doutras partes do mundo.*
11. *Recoñecer a existencia de conflitos e o papel que desempeñan neles as organizacións internacionais e as forzas de pacificación. Valorar a importancia da participación humanitaria para paliar as consecuencias dos conflitos.*

Procedementos

A avaliación continua ha de entenderse como un proceso de diagnóstico dos progresos e dificultades dados ao longo do proceso educativo, no seguimento do traballo diario e na realización das probas, plasmándose nas respectivas cualificacións de avaliación; e a súa vez na totalidade do curso esixíndose

que tódalas avaliacións estean aprobadas ou recuperadas para estimarse acadado un coñecemento axeitado da materia. No caso de suspender a avaliación ordinaria de xuño haberá unha proba extraordinaria de setembro na que poda ter cabida calquera contido mínimo da materia, de entre os que o alumno fará unha escolla segundo se estableza na mesma proba.

Será considerado *abandono* da materia - e suporá a perda do dereito á avaliación continua- cando o alumno ademais de *mostrar desinterese* o unha actitude negativa cara a materia que impida o normal desenvolvemento da clase, incorre de modo reiterado ao longo dun trimestre e tras sucesivos avisos e amoestacións por parte do profesor ou titor ou xefatura de estudos nalguna das seguintes causas: 1)Non asistir as clases sen causa xustificada, 2)Asistencia as clases sen o material necesario para desenvolver a materia, 3)Asistencia as clases interrompendo ou alterando reiteradamente e deliberadamente a labor docente polo que fora motivo de tres ou máis actas de expulsión da aula, 4)Non presentar traballos, exercicios, etc. propostos polo profesor e necesarios para a avaliación continuada do alumno ,5)Non presentarse a exames, controles, ou no caso de presentarse deixalos en branco u obter cualificacións iguais ou inferiores a unidade .

A perda por abandono do dereito a avaliación continua comunicárase ao alumno e pais segundo o protocolo ao efecto que teña estipulado o Centro. Se lle proporcionarán indicacións dos contidos nos manuais nos que estean desenvolvidos, e só terá dereito a presentarse a unha proba específica na avaliación final ordinaria de xuño segundo os mesmos criterios de avaliación aplicables expostos neste punto e os contidos mínimos relatados, e maila avaliación extraordinaria da materia.

Instrumentos

Tendo en conta o principio de atención á diversidade na avaliación usaranse unha pluralidade de instrumentos de avaliación:

1. *Observación sistemática do quefacer na aula* valorando a asistencia, a participación, o esforzo, a atención, o traballo, o interese, a implicación, as intervencións orais, as exposicións específicas, etc.
2. *Caderno do alumno* no que aparecen reflectidas actividades diversas como apuntes, exercicios, resúmenes, comentarios de texto, vocabulario, etc. Será valorado na súa claridade e completitude.
3. *Traballos monográficos* elaborados en grupo ou individualmente, así como lecturas de libros, artigos ou textos relacionados co temario terán unha valoración específica. A presentación de tódolos traballos obrigatorios solicitados será unha condición imprescindible para supera-la avaliación correspondente.
4. *Autoavaliación* razoada encamiñada a autorregular a propia aprendizaxe con responsabilidade e autonomía.
5. *Probas escritas e orais* de todo tipo (test, preguntas breves, cuestións para desenvolver, resúmenes, comentarios e comparacións) que serven para a toma de conciencia de acertos e erros cometidos para mellorar no proceso de aprendizaxe; que terán un peso especial na avaliación.

A cualificación total resultante de cada avaliación será o resultado da seguinte media ponderada:

- *proba global* da avaliación o 40%.
- *traballos monográficos* de obrigada presentación o 20%.
- observacións do *caderno do alumno* o 20%.
- *restantes instrumentos de avaliación* (cuestións e intervencións orais, atención e interese, participación, e actitude en xeral) o 20%.

A cualificación final resultante da avaliación ordinaria de xuño será o resultado da media aritmética das sucesivas avaliacións trimestrais, tomando ao caso como referencia a mellor das dúas cualificacións obtidas: na sesión de avaliación ou na proba de recuperación da mesma. E a cualificación final resultante da avaliación extraordinaria de setembro será a obtida no exame correspondente, mailas consideracións pertinentes e legais resultantes da sesión de avaliación.

En conclusión a forma de avaliar garda coherencia coa metodoloxía proposta estruturándose en tres bloques principais como son o traballo diario na aula, a plasmación dos coñecementos adquiridos na resposta ás probas orais e escritas, e na exposición e defensa dos traballos.

EDUCACIÓN ÉTICO - CÍVICA

4º ESO

Obxectivos didácticos

1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social, tomando conciencia da propia identidade, respectando as diferenzas e desenvolvendo a autoestima.
2. Coñecer e expresar os sentimentos e as emocións e desenvolver a afectividade nas relacións cos outros, cunha actitude aberta, solidaria e respectuosa, rexeitando estereotipos, prexuízos e a violencia.
3. Desenvolver a iniciativa persoal e actuar con autonomía, asumindo as responsabilidades, baseando no respecto e no diálogo a convivencia.
4. Coñecer, valorar e exercer os dereitos e asumir responsabelmente os deberes e as obrigas que se derivan das declaracións internacionais dos dereitos humanos e da Constitución española e do estatuto de autonomía de Galiza, segundo os valores que os fundamentan.
5. Asumir a pluralidade das sociedades actuais, a súa enriquecedora diversidade, xunto coa defensa da igualdade de dereitos, rexeitando inxustizas e discriminacións por calquera motivo.
6. Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, rexeitando estereotipos e prexuízos discriminatorios, cunha frontal oposición á violencia de xénero.
7. Coñecer e apreciar os principios e valores que fundamentan e lexitimán os sistemas democráticos e o funcionamento da Comunidade autónoma de Galiza, do Estado español e da Unión Europea.
8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles. Asumir os deberes cidadán polo que fai ao ben común.
9. Coñecer as diversas formas de participación política, valorando a súa importancia, tanto institucionalizada como nas formas cooperativas, asociacionismo e voluntariado.
10. Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, así como a relación entre os conflitos e o subdesenvolvemento.
11. Recoñecerse membros dunha cidadanía global, baseada nos valores da liberdade, a igualdade e a xustiza.
12. Coñecer e analizar as principais teorías éticas.
13. Identificar as posicións morais que están na orixe dos principais problemas e conflitos do mundo actual.
14. Adquirir un pensamento crítico, un criterio propio e defender as posicións propias de modo argumentativo e razoado, aberto a escoitar as alleas e os seus apoios.
15. Practicar o diálogo coa realidade social en continuo proceso de transformación.

Contidos mínimos

O alumno deberá realizar todas as actividades que decida o profesor: responder ás preguntas formuladas, presentar os traballos (en grupo ou individuais), expresar a posición propia sobre do tema que se trate... Segundo como se realicen así será a cualificación, mais é condición necesaria realízalas.

O alumno deberá demostrar que entende os conceptos fundamentais dos contidos da materia. O manexo dos mesmos, coa súa comprensión e/ou a súa aplicación determinará a cualificación que mereza no caso, pero é imprescindible demostrar que se entenden. En cada unidade se identificarán eses conceptos fundamentais.

En resumo, enténdese como mínimo cumprir todo tipo de traballos propostos polo profesor e, no caso de suspender algún exercicio, realizar un intento de mellora. A isto debe engadirse que o alumno debe entender os conceptos básicos. De aquí o mínimo para acceder ao aprobado.

A mellora da nota virá dada pola comprensión dos mesmos, que implica un manexo e un proceso de relación con outros conceptos. En todo exercicio teranse en conta eses dous niveis á hora da súa cualificación: coñecemento dos conceptos e comprensión e manexo dos mesmos, así como a capacidade de reflexión crítica.

Finalmente, ningún alumno poderá aprobar se ten suspenso o 70% ou máis dos exercicios, aínda que a media llo permitise.

Isto tamén significa, pois, que o mínimo esixíbel para aprobar é superar o 70% dos exercicios.

Distribución temporal dos contidos mínimos

O curso adoita dividirse en tres trimestres separados por períodos de vacacións: Nadal e Semana Santa. Esta última varía duns anos a outros e condiciona a repartición da materia que se ha de avaliar. Tamén existen algunhas celebracións dependentes das comunidades autónomas e festas locais. E tamén é previsible que haxa algunhas actividades extraescolares que puideran limitar o calendario dispoñible (recordemos de so unha hora semanal). En función do que quedarían distribuídas do seguinte modo tomando como base a relación de contidos que aparece a continuación:

1ª avaliación Introdución, Bloque 1 Bloque 2.

2ª avaliación Bloque 3, Bloque 4, Bloque 5.

3ª avaliación Bloque 6, Bloque 7, Bloque 8.

Tendo en conta que se seguirá a mesma con flexibilidade, para favorecer a comprensión dos contidos antes que o cumprimento dos prazos establecidos.

INTRODUCCIÓN A cidadanía

Conscientes da imposibilidade de desenvolver todos os contidos xerais do curso de educación ético-cívica, dada a ridícula carga horaria da materia, considerouse a conveniencia dunha selección destes contidos a estudar.

Á hora da selección pensouse en abarcar aqueles aspectos temáticos que fixesen referencia a unha necesaria reflexión crítica sobre distintos aspectos incluídos na materia: a moral, a representatividade política e a relación desta con cuestións de orde material que a condicionan. Isto favorece o conveniente tratamento transversal das ideas que aparecerán ao procurar a súa contextualización na sociedade real.

BLOQUE 1. A moral e a liberdade

-Moralidade e universalidade.

-Liberdade e racionalidade.

-Pluralismo moral.

-Relativismo moral: discusión.

BLOQUE 2. Liberdade e lei

-A forma da lei.

-Deber e liberdade.

-Dereito e moral: semellanzas e diferenzas.

BLOQUE 3. A división de poderes

-A aventura da cidadanía.

-Idea de Estado.

-Os poderes do Estado: lexislativo, executivo e xudicial.

-Identificacións dos poderes do Estado nos distintos ámbitos: local, galego, español.

-Procesos de elección dos representantes dos tres poderes nos ámbitos respectivos.

BLOQUE 4. Democracia e Estado de Dereito

-Caracterización do Estado de Dereito.

-Modelos de democracia: participativa e representativa.

-Democracia e ditadura.

BLOQUE 5. A Constitución

-Definición.

-A Constitución española: lectura e comentario.

-O Estatuto de autonomía de Galicia: lectura e comentario.

BLOQUE 6. Os dereitos humanos

-Sentido dos dereitos humanos.

-Lectura e comentario dos dereitos humanos.

BLOQUE 7. Economía e política

-As partes da alma e do Estado, segundo Platón.

-A impotencia da política.

BLOQUE 8. Crecemento e sostibilidade

-A pisada ecolóxica.

-A idea de crecemento sostíbel: discusión.

Avaliación

Cráterios de avaliación

1. Recoñecer os sentimentos nas relacións interpersoais e practicar o diálogo nas situacións de conflito. Exercicio de razoamento e asunción de responsabilidades ante as decisións tomadas.
2. Identificar os eixes sobre os cales se constrúe a identidade persoal (a identidade como algo que se constrúe, non algo dado, que se pode redefinir).
3. Diferenciar os trazos básicos que caracterizan a dimensión moral das persoas, cos seus distintos sistemas de valores.
4. Identificar os problemas éticos xerados desde diversas posicións morais, proponendo estratexias para a súa resolución, o que se consegue mediante a formulación de dilemas morais sobre cuestións de actualidade.
5. Identificar e explicar axeitadamente as principais teorías éticas.
6. Recoñecer e distinguir as dimensións ética, xurídica e política dos dereitos humanos. Valorar os dereitos humanos como principal referencia ética, en tanto que exixencia mínima de xustiza.
7. Comprender e expresar o significado histórico e filosófico da democracia como forma de convivencia social e política e identificar os valores e principios morais en que se sustenta.
8. Valorar de forma argumentada a importancia da participación cidadá para o funcionamento das institucións democráticas e da formación da opinión, baseada en procesos de deliberación.
9. Analizar as causas que provocan os principais problemas sociais do mundo actual, utilizando de forma crítica a información dos medios de comunicación, nunha perspectiva de xustiza.
10. Analizar o camiño percorrido ata o recoñecemento da igualdade de dereitos das mulleres e poñer de manifesto as súas contribucións en todos os campos do saber ao longo da historia e o coidado dos seres humanos. Identificar e rexeitar as causas e factores de discriminación, así como as situacións de violencia machista de que son vítimas.
11. Xustificar as propias posicións, utilizando sistematicamente a argumentación e o diálogo.
12. Recoñecerse membros dunha cidadanía global e comprender a necesidade de compartir uns mínimos morais posibilitadores de convivencia.

Procedementos e instrumentos de avaliación

1. Todo o que diga o alumno na clase pode ser utilizado na súa contra ... ou no seu favor. Requirirase del unha intervención oral, expresando opinións e defendéndoas publicamente. Esixirase un escrupuloso respecto aos demais, así como a xustificación racional das opcións que se defendan. Na medida en que isto se cumpra, valorarase para a súa cualificación.
2. Ao alumno, a todos, se lle requirirá para que responda por escrito a unha serie de cuestións (non cun exercicio por avaliación, senón segundo se vai avanzando na materia). Nas súas respostas nuns casos poderá manexar material (como apuntes ou, mesmo o libro de texto); noutros casos non, dependendo do carácter máis ou menos aberto das respostas que se procurar.
3. Iso escrito poderá ser motivo posterior de debate, no que o alumno deberá defender, ou rectificar, ou matizar, a posición inicialmente mantida.
4. O alumno poderá modificar as súas respostas se considera que estas eran insuficientes ou matizábeis, ou se as considera erróneas. Tanto verbalmente como pro escrito en calquera momento. Argumentando, evidentemente, toda rectificación ou matiz.
5. Na corrección aos exercicios escritos os alumnos constatarán a existencia de anotación e preguntas. Estas preguntas, individualizadas segundo as respostas previas dos alumnos, deberán ser respondidas se o alumno desexa intentar a recuperación do exercicio, no caso de estar suspenso, ou se quere mellorar a cualificación.
6. O alumno poderá aportar modificacións sobre todas aquelas actividades que fosen valoradas insuficientemente, ou que el desexa mellorar.
7. Recuperacións:
 - 7.1. Funcionará a modo de recuperacións, prioritariamente, o indicado en 5.
 - 7.2. Colaborará, tamén, coa recuperación o indicado en 6.
 - 7.3. Estas modificacións poderá realizalas en todo momento e sobre todo exercicio, con independencia da avaliación en que se realizou orixinariamente.
 - 7.4. O profesor indicará cando recolle modificacións (sempre antes de calquera avaliación parcial haberá un día para facelo).
8. Ademais, para os casos de Non Presentados a algún exercicio, ou non conseguir recuperar coas anteriormente indicadas modificación, o alumno terá que responder a unhas preguntas, que actuarán como exame de recuperación. Isto non significa que se trate dun exame formal en clase, senón que poden ser preguntas para resolver e entregar.
9. En todo momento o alumno pode ser requirido para que explique e xustifique calquera aportación por escrito que non se realizase e clase.

9.1. No caso de que non o poida facer enténdese que ese traballo non é seu, polo que pasará a considerárselle Non Presentado.

9.2. No caso de que iso ocorra dúas veces deberá presentarse obrigatoriamente ao exame final.

9.3. No caso de que ocorra tres veces, cualificarase como insuficiente en xuño, debendo presentarse en setembro se desexa recuperar.

10. A nova cualificación, produto dos cambios aportados polo alumno (ou do exercicio de recuperación), será a nota desa actividade ou traballo, que substituirá á vella na media a realizar.

11. A cualificación de cada avaliación virá dada pola media de todas as notas que se teñan ata ese momento, incluíndo as modificacións aportadas. No caso de que a nova cualificación supere a anterior tomarase esta última como referencia; no caso de que resulte inferior a nota de referencia será a media das dúas.

12. Ao final de curso, a cualificación final virá dada pola media de todas as notas de que se dispoña (tendo en conta como nota, segundo se dixo, aquela última -que pode ser a primeira se o alumno non aportou novidade algunha-).

13. Sobre as puntuacións:

13.1. Enténdese como nota mínima para considerar aprobado ese exercicio o 4,75. Menos desa nota é suspenso.

13.2. De 3,75 a 4,74 cualifícase como 4.

13.3. De 2,75 a 3,74 cualifícase como 3.

13.4. De 1,75 a 2,74 cualifícase como 2.

13.5. De 0,5 a 1,74 cualifícase como 1.

13.6. De 4,75 a 5,74 cualifícase como 5.

13.7. De 5,75 a 6,74 cualifícase como 6.

13.8. De 6,75 a 7,74 cualifícase como 7.

13.9. De 7,75 a 8,74 cualifícase como 8.

13.10. De 8,75 a 9,74 cualifícase como 9.

13.11. De 9,75 a 10 cualifícase como 10.

FILOSOFÍA E CIDADANÍA

1º bacharelato

Obxectivos didácticos

1. Coñecer e identificar as características específicas do ser humano e as dimensións que o configuran, analizando a súa xénese evolutiva e as tensións que xera: dialéctica natureza/cultura e individuo/sociedade.
2. Comprender e analizar a forma específica de categorización e relación lingüístico-simbólica que os suxeitos humanos establecen co mundo e cos semellantes.
3. Analizar e comprender os elementos e procedementos propios da racionalidade e caracterizar a especificidade do saber filosófico contrastándoo con outros saberes -en especial co científico-.
4. Distinguir a dobre dimensión teórico e práctica da filosofía, e comprende as grandes preguntas e problemas filosóficos xerados a partir desta dobre dimensión.
5. Analizar e comprender os fundamentos da acción moral, valorando a autonomía moral como meta ineludíbel dunha conduta madura e responsábel.
6. Coñecer, analizar e valorar os enfoques das teorías éticas fronte á dobre aspiración de felicidade e xustiza na sociedade actual, facendo especial énfase nos esforzos de conciliación de ambas as aspiracións.
7. Comprender as conexións entre moral, dereito e política, partindo da análise do concepto de cidadanía e da súa xénese histórica.
8. Comprender e valorar as raíces éticas da lexitimidade política democrática e, en consecuencia, das institucións do Estado que sobre elas se levanten.
9. Analizar os novos retos da democracia no mundo globalizado actual.
10. Obter información por diversos medios sobre problemas filosóficos, analizándoa e integrándoa, así como adquirir unha bagaxe básica de nocións, conceptos e teorías elaboradas pola filosofía verbo dos citados problemas.
11. Dialogar, debater e argumentar con rigor lóxico e coherencia, respectando as persoas que sosteñen posturas diferentes.
12. Analizar textos referidos ás temáticas desenvoltas no currículo, así como elaborar composicións e traballos escritos sobre elas.
13. Manter un diálogo continuo coa vida real, mediante a aplicación de nocións e conceptos que se van adquirindo ao contorno.
14. Empregar con rigor e propiedade os conceptos e vocabulario específico correspondente, tanto na análise dos problemas como nos debates e exposicións orais e escritas.
15. Desenvolver competencia lectora e hábitos de traballo intelectual.
16. Desenvolver unha competencia social e cidadá baseada nunha actitude crítica, autónoma e responsábel ante todo intento de xustificación de desigualdades sociais e ante toda discriminación por sexo, etnia, cultura, crenzas ou características individuais e sociais.

Contidos mínimos

Conscientes da imposibilidade de desenvolver todos os contidos xerais do curso de filosofía e cidadanía dada a reducida carga horaria da materia, considerouse a conveniencia dunha selección destes contidos a estudar neste curso.

A selección deses contidos faise atendendo tanto aos contidos xerais, coma aos desenvolvemento dos mesmos no libro de texto de referencia.

Considerouse, á hora de realizar tal selección, priorizar aqueles aspectos máis novidosos para os alumnos e sobre os que non recibiron ou, no seu caso, recibirán docencia neste ou noutros cursos. Neste sentido, as unidades referidas ao ser humano xa serían obxecto da materia de antropoloxía; e as unidades que teñen como temática a ética, xa foron, nalgunha medida, obxecto de estudo en 4º de ESO e poderán selo en 2º de Bacharelato na materia de ética e filosofía do dereito. Enténdese, claro está, que as materias optativas son iso, optativas, e non as cursarán todos os alumnos, pero como resultaba imposíbel abarcar todo o temario pensamos que este é o mellor criterio. Naturalmente, poderíanse abarcar todas as unidades, pero iso esixiría convertelas en temas de aprendizaxe practicamente

memorística, no caso de "aproveitar" o pouco tempo dispoñíbel, sen "perdas" en reflexións ou traballos. Pensamos, pola contra, que reflexionar, debater, pensar, é xusto o contrario a "perder o tempo", mais facer iso require "o seu tempo".

1. Introducción á filosofía

1.1. Orixe da filosofía

-Do mito ao logos.

1.2. O saber filosófico:

-Sentido común ou saber ordinario.

-Ciencia.

-Relixión.

-Filosofía.

-Obxectos, métodos, linguaxes, finalidades.

1.3. A filosofía e a súa historia

-Estudos filosóficos.

-Épocas da historia: estudos e correntes.

2. O coñecemento

2.1. Coñecemento sensible:

-O concreto e o particular. Os sentidos.

2.2. Coñecemento intelectual:

-O abstracto e o universal. A razón.

2.3. A verdade:

-Interpretacións da verdade: adecuación, evidencia, coherencia, perspectiva.

-Teorías sobre a verdade: escepticismo, realismo, relativismo.

2.4. Saber e opinión.

3. A linguaxe

3.1. Comunicación e linguaxe:

-Definición.

-Os signos lingüísticos: naturais e convencionais.

-A semiótica: sintaxe, semántica e pragmática.

3.2. Linguaxe común e linguaxe formal:

-Características da linguaxe ordinaria.

-Características da linguaxe formal.

3.3. A lóxica:

-Definición. Clases de razoamento: inducións e deducións.

-Lóxica clásica.

-Lóxica de proposicións.

-Falacias.

4. Sociedade e cidadanía

4.1. O poder e a política:

-Noción de política.

-Noción de poder.

4.2. Poder e lexitimidade:

-Idea de lexitimidade.

-Clases de lexitimidade

4.3. O Estado:

-Nación e Estado.

-Funcións do Estado. poderes do Estado.

-Organización do Estado: unitario, autonómico, federal, confederal.

4.4. A orixe da sociedade política:

-Teorías do carácter social do home.

-Teorías do contrato social.

4.5. A democracia:

-Clases de democracia.

-Condicións da democracia.

-Os procesos electorais

Avaliación

Critérios de avaliación

1. Recoller e integrar información a través dos diversos medios acerca dos problemas, conceptos e teorías específicos propostos para cada bloque temático.
2. Caracterizar, identificar e expoñer, tanto de forma oral como escrita, os problemas, conceptos e teorías propostos e desenvolto en cada un dos bloques temáticos específicos.
3. Ler, analiza e comentar, tanto oralmente como por escrito, textos referidos ás nocións e problemas abordados.
4. Debater e argumentar acerca das cuestións máis problemáticas e controvertíbeis suscitadas por certos temas, fundamentalmente os éticos e políticos.
5. Utilizar un vocabulario técnico específico tanto nas argumentacións como nas exposicións orais e escritas.
6. Transferir e aplicar as nocións, conceptos e teorías incorporadas á análise da vida real e do propio contorno.

Procedementos e instrumentos de avaliación

1. Deberá realizarse todo tipo de traballos, individuais ou en grupo, a proposta do profesor, sobre os temas que se vaian estudando.
2. Non haberá un único exame de avaliación, senón haberá varios exercicios ao longo da mesma, unhas veces coa posibilidade de empregar todo o material dispoñible, e outras sen dispor de material. No primeiro caso entenderase como actividade continuada da clase; quere dicirse que non se fixará previamente unha data para a súa realización. Isto último si se fará para as preguntas a responder sen axuda de material.
3. O alumno recibirá a correspondente cualificación por avaliación trimestral en función da súa marcha na materia, mais a cualificación fundamental para a superación do curso resultará das cualificacións parciais dos distintos temas (e non das avaliacións trimestrais).
4. Recuperación: o alumno verase na obriga de realizar un exercicio, que poderá ser a modo de traballo, ou fixado para un día determinado, ou combinando as dúas posibilidades. As recuperacións serán por temas, non por avaliacións.
5. A todo traballo ou resposta a preguntas se lle poden presentar cuestións, como notas á marxe da corrección, ás que o alumno terá que responder, o que permitirán a modificación, no seu caso, da cualificación dese exercicio..
6. Actividade na clase por parte do alumno.
7. Os alumnos deberán proceder a unha lectura de curso, de entre varias propostas que recibirán. Serán sometidos a un exercicio cara comprobar a realización de dita lectura, así como o aproveitamento da mesma. A cualificación dese exercicio non se incluírá en ningún tema, senón que formará parte da nota global. Equivalerá á nota dun tema.
8. O mínimo indispensable para superar a materia requirirá a resposta a todas as preguntas formuladas e que estas mostren un nivel básico de coñecementos.
9. A avaliación trimestral non será o criterio básico de cualificación, senón que o serán os diferentes temas da materia.
10. A superación dos diferentes temas, ben no proceso normal ou nas recuperacións, no seu caso, será condición para o aprobado a final de curso.
11. Haberá un exame final, de contidos mínimos, para aqueles alumnos aos que lles quede pendente algún tema, por non telo superado na recuperación. A nota máxima neste exame de contidos mínimo será un 6.
12. Para poder presentarse a ese exame final non poderá terse suspenso máis do 70% da materia. Iso tamén significa que ningún alumno poderá aprobar con máis do 30% da materia suspensa, aínda que a media dos temas lle dese o aprobado.

ANTROPOLOXIA

1º bacharelato

Obxectivos didácticos

1. Adquirir unha visión científica do ser humano, atendendo á súa dimensión biolóxica e a cultural.
2. Coñecer, comprender e asumir as diferenzas e valorar a súa importancia para a supervivencia da especie nun mundo cada vez máis intercomunicado.
3. Adoptar, fronte ao feito da diversidade cultural e biolóxica, unha perspectiva integradora, que supere o etnocentrismo e o relativismo, que posibilite o recoñecemento libre de prexuízos e a relación responsable coas outras persoas.
4. Coñecer, analizar e comprender os procesos que conforman a natureza e a cultura humanas.
5. Fomentar actitudes de tolerancia que faciliten o diálogo entre as culturas.
6. Adquirir unha comprensión global do humano, a partir das achegas dos distintos campos da antropoloxía, das distintas ciencias humanas, sociais e naturais.
7. Valorar as achegas desde variadas perspectivas, como facilitadoras das claves que permiten realizar a conexión e a interpretación crítica dos diferentes materiais antropolóxicos.
8. Coñecer a especificidade dos estudos antropolóxicos, familiarizarse cos seus métodos de traballo específicos e aplicarlos ao estudo do contorno próximo, a fin de mellorar o coñecemento e valorar o patrimonio cultural de Galicia.
9. Transferir os coñecementos adquiridos á análise dos problemas fundamentais do mundo actual co fin de comprender as súas causas e implicarse activamente nas súas solucións.
10. Aprender a ler, entender e comentar textos de antropoloxía.
11. Aprender a expoñer por escrito, ou verbalmente, as nosas reflexións sobre os problemas e situacións socioculturais suscitadas, asumindo a necesidade do rigor conceptual e lóxico.
12. Coñecer e analizar as principais teorías antropolóxicas.
13. Adquirir un pensamento crítico, un criterio propio e defender as posicións propias de modo argumentativo e razoado, aberto a escoitar as alleas e os seus apoios.
14. Coñecer e comprender as ideas fundamentais que van aparecendo nos diferentes momentos da antropoloxía; entendéndoa como un proceso en desenvolvemento; en estreita relación co seu contexto histórico e cultural.

Contidos mínimos

Bloque 1. Contidos comúns

- Busca de información a partir de fontes diversas e integración desta seguindo criterios temáticos ou metodolóxicos.
- Análise e comentario de textos antropolóxicos, identificando as súas ideas e relacionándoas coa teoría da persoa autora.
- Exposicións orais e composicións escritas acerca do pensamento de distintas autorías, utilizando con propiedade o vocabulario técnico adquirido e incorporando as propias reflexións de xeito fundamentado.
- Participación en debates, expoñendo razoadamente o pensamento propio.
- Comprensión dos conceptos fundamentais dos contidos da materia expresando o seu verdadeiro significado nas exposicións e argumentacións.

Bloque 2. A antropoloxía como campo de estudo.

- Características, obxecto e método dos estudos antropolóxicos.
- Principais ramas da antropoloxía.
- Conceptos básicos da antropoloxía: perspectivas etic, emic, endoculturación, difusión.
- Relación da antropoloxía con outras ciencias humanas.

Bloque 3. A persoa humana.

- Fundamento biolóxico da cultura. O proceso de hominización.
- A teoría da unidade da especie humana no evolucionismo.
- Raza, cultura, herdanza e medio.
- Natureza, cultura e sociedade.
- Interiorización de valores e patróns culturais.
- A diversidade cultural.
- A racionalidade e as lóxicas culturais. Alteridade e unidade das culturas.

-O cambio cultural. Diversidade e progreso.

-A produción e os seus modos.

-A reprodución e os seus modos.

Bloque 4. Relacións interpersoais e organización social.

-Espazo e parentesco. A pertenza a un contexto social. Os roles.

-Conflito e orde. Manexo do conflito.

-A base das institucións legais.

-As sociedades pre-estatais. A política no Estado.

-A desigualdade. Os efectos do colonialismo sobre as sociedades primitivas. Descolonización e dependencia.

-A sociedade global.

Bloque 5. Palabras e símbolos.

-A cultura como orde simbólica.

-Símbolos e comunicación.

-Linguaxe e cultura. Comunidades lingüísticas.

-O poder das palabras e os nomes. Linguaxe e poder.

-A arte e as súas implicacións socioculturais

-Mito, rito, maxia e relixión.

-O saber e a educación.

Bloque 6. Natureza humana, liberdade e dignidade.

-A estrutura específica do ser humano. Indeterminación, liberdade.

-A dimensión temporal da vida humana: tempo, vida e historia. A conciencia da morte.

-Do pracer e a dor ao sentimento moral. O descubrimento do outro e a conciencia moral. Sentimentos e teorías.

Avaliación

Criterios de avaliación

1. Relacionar a información procedente de diversas áreas do saber para comprender as características que constitúen os trazos universais que definen a especie humana e as variantes das distintas poboacións.
2. Identificar e explicar os distintos elementos e estruturas que conforman unha cultura.
3. Describir, analizar e explicar, usando conceptos adecuados, algún elemento cultural do seu contorno, e comparalo con outras manifestacións culturais, establecendo semellanzas e diferenzas.
4. Participar en debates sobre cuestións de actualidade, relativas ás relacións entre distintos modos de vida, usando un vocabulario apropiado e argumentos pertinentes.
5. Realizar sínteses integradoras a partir de achegas teóricas traballadas, e información adquirida en distintas fontes.
6. Elaborar traballos de investigación sobre algún aspecto cultural do contorno ou de documentación sobre algúns libros de antropoloxía.
7. Coñecer o significado dos conceptos fundamentais de cada tema, empregándoos con propiedade, fluidez e rigor en exposicións e argumentacións tanto orais como escritas.
8. Capacidade para responder, verbalmente e por escrito, ante cuestións suscitadas que teñan que ver con aspectos ou temáticas específicas dos autores ou movementos tratados.
9. Contextualizar historicamente tanto os autores como os problemas suscitados, relacionando as reflexións antropolóxicas coas condicións socioculturais.
10. Entender a problemática que se desenvolve nos textos de carácter antropolóxico ou sociolóxico, así como as reflexións que alí aparecen.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Tendo en conta o principio de atención á diversidade na avaliación usaranse unha pluralidade de *instrumentos* de avaliación:

1. *Observación sistemática do que facer na aula* valorando a asistencia, a participación, o esforzo, a atención, o traballo, o interese, a implicación, as intervencións orais, as exposicións específicas, etc.
2. *Caderno do alumno* no que aparecen reflectidas actividades diversas como apuntes, exercicios, resúmenes, comentarios de texto, vocabulario, etc. Será valorado na súa claridade e completitude.
3. *Traballos monográficos* elaborados de forma grupal ou individual así como lecturas de libros, artigos ou textos relacionados co temario, terán unha valoración específica. A presentación de

tódolos traballos obrigatorios solicitados no curso será unha condición imprescindible para supera-la avaliación correspondente.

4. *Probas escritas e orais* de todo tipo (test, preguntas breves, cuestións para desenvolver, resumos, comentarios e comparacións) que serven para a toma de conciencia de acertos e erros cometidos para mellorar no proceso de aprendizaxe; que terán un peso especial na avaliación.

Os *procedementos de avaliación* fundaméntanse na avaliación continua, que ha de entenderse como un proceso de diagnóstico dos progresos e dificultades dados ao longo do proceso educativo, como seguimento do traballo diario, plasmándose nas respectivas cualificacións de avaliación, e a súa vez na totalidade do curso esixíndose que tódalas avaliacións estean aprobadas ou recuperadas para estimarse acadado un coñecemento axeitado da materia. No caso de suspender a avaliación ordinaria de xuño haberá unha proba extraordinaria de setembro na que poda ter cabida calquera contido mínimo da materia, de entre os que o alumno fará unha escolla segundo se estableza na mesma proba.

Será considerado *abandono* da materia - e suporá a perda do dereito á avaliación continua- cando o alumno ademais de mostrar desinterese o unha actitude negativa cara a materia que impida o normal desenvolvemento da clase, incorre de modo reiterado ao longo dun trimestre e tras sucesivos avisos e amonestacións por parte do profesor ou titor ou xefatura de estudos nalgunha das seguintes causas: 1) Non asistir as clases sen causa xustificada. 2) Asistencia as clases sen o material necesario para desenvolver a materia. 3) Asistencia as clases interrompendo ou alterando reiteradamente e deliberadamente a labor docente polo que fora motivo de tres ou máis actas de expulsión da aula. 4) Non presentar traballos, exercicios, etc. propostos polo profesor e necesarios para a avaliación continuada do alumno. 5) Non presentarse a exames, controles, ou no caso de presentarse deixalos en branco u obter cualificacións iguais ou inferiores a unidade. A perda por abandono do dereito a avaliación continua comunicarase ao alumno e pais segundo o protocolo ao efecto que teña estipulado o Centro. Se lle proporcionarán indicacións dos contidos nos manuais nos que estean desenvolvidos, e só terá dereito a presentarse a unha proba específica na avaliación final ordinaria de xuño segundo os mesmos criterios de avaliación aplicables expostos neste punto e os contidos mínimos relatados, e maila avaliación extraordinaria da materia.

A cualificación total resultante de cada avaliación será o resultado da seguinte media ponderada:

- *probas parciais* (instrumento 4) en forma de test, preguntas breves e para desenvolver, resumos, comentarios ou comparacións o 40%.
- *Traballos monográficos* (instrumento 3) elaborados de forma grupal ou individual terán unha valoración do 30%.
- *restantes instrumentos de avaliación* (instrumentos 1, 2 e 4 en respostas ás cuestións orais e aos exercicios, a atención e interese, o traballo, a participación, as observacións do caderno do alumno, etc.) o 30%.

A cualificación final resultante da avaliación ordinaria de xuño será o resultado da media aritmética das sucesivas avaliacións trimestrais. E a cualificación final resultante da avaliación extraordinaria de setembro será a obtida no exame correspondente, mailas consideracións pertinentes e legais resultantes da sesión de avaliación.

En conclusión a forma de avaliar garda coherencia coa metodoloxía proposta estruturándose en tres bloques principais como son o traballo diario na aula, a plasmación dos coñecementos adquiridos na resposta ás probas orais e escritas, e na exposición e defensa dos traballos.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

2º bacharelato

Obxectivos didácticos

1. Coñecer os períodos da historia da filosofía e os seus representantes fundamentais.
2. Recoñecer as cuestións que ocuparon permanentemente a filosofía ao longo da súa historia e relacionalas con temas traballados en filosofía e cidadanía, utilizando con propiedade os conceptos adquiridos.
3. Comprender a vinculación entre o pensamento dos distintos autores e outras manifestacións da actividade humana do seu contexto histórico: socioeconómicas, políticas, científicas e artísticas.
4. Elaborar exposicións orais e composicións escritas arredor de temas determinados con claridade, corrección, plenitude e autonomía, exercitando na medida do posible unha reflexión persoal.
5. Comentar textos filosóficos analizando con rigor os seus conceptos e teses e comparándoos coa postura defendida noutros textos de diferente autoría arredor dos mesmos temas.
6. Desenvolver o hábito de ponderar con criterio opinións contrapostas a partir do contraste entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon na historia.
7. Constatar a posición de cada representante dunha corrente filosófica sobre a diferenza de xénero e valorala á luz das crenzas e prácticas do seu contexto histórico.
8. Debater temas de actualidade en relación cos contidos da materia, fundamentando racionalmente a propia postura, recoñecendo as achegas doutras persoas e illando os prexuízos infundados.
9. Valorar o coñecemento do pasado como unha achega continua de elementos que contribúen á comprensión do presente e á planificación do porvir.
10. Apreciar a lectura como medio de enriquecemento persoal e desenvolver un hábito inquisitivo e analítico en relación coa información recibida na vida cotiá.
11. Exercitar a expresión, oral e escrita, das propias ideas considerando as respostas dos grandes pensadores, que ofrecen un modelo de análise, e desenvolver unha capacidade crítica respecto aos problemas do noso tempo.
12. Coñecer axeitadamente o pensamento dos grandes autores e expoñer, en forma oral e escrita, as ideas dos máis relevantes filósofos que conforman a nosa tradición intelectual.

Contidos mínimos

Bloque 1. Contidos comúns

- Busca de información a partir de fontes diversas e integración desta seguindo criterios temáticos ou metodolóxicos.
- Análise e comentario de textos filosóficos, identificando as súas ideas e relacionándoas coa teoría da persoa autora.
- Exposicións orais e composicións escritas acerca do pensamento de distintas autorías, utilizando con propiedade o vocabulario técnico adquirido e incorporando as propias reflexións de xeito fundamentado.
- Participación en comentarios, diálogos e debates, expoñendo razoadamente o pensamento propio.
- Comprensión dos conceptos fundamentais dos contidos da materia, expresando o seu correcto significado nas exposicións e composicións.
- Desenvolvemento axeitado dos contidos para explicalos racionalmente e para relacionalos con outros contidos próximos.
- Contextualización histórica tanto dos autores como dos problemas suscitados, relacionando as reflexións filosóficas coas condicións socioculturais.

Bloque 2. O pensamento grego

- A orixe da filosofía grega. Paso e características do *mito* e *logos*. O pensamento dos primeiros pensadores gregos: a auga, o apeiron, o aire, os números, o devir, o ser, as homeomerías, os elementos, os átomos. Sócrates e os sofistas. As concepcións do home e da educación. O relativismo. O escepticismo. A superación do relativismo. O método socrático. O intelectualismo moral.
- Platón: vida, obra e punto de partida da súa filosofía. A teoría das ideas como síntese da tradición filosófica grega. Mundo sensible / Mundo intelixible. Realidade / Aparencia. Os graos do coñecemento. Vías para acceder ao coñecemento das ideas. Dualismo corpo / alma. Concepción da alma. A virtude. A

xustiza. Concepción do estado ideal. O problema da natureza. A cosmoloxía platónica. A ética platónica. A finalidade política da obra de Platón. A educación.

▪ Aristóteles: vida, obra e o tránsito cara o mundo helenístico. A crítica da doutrina platónica. O punto de partida da súa filosofía na ciencia e coñecemento. A teoría do coñecemento. O proceso de abstracción. A metafísica aristotélica. A física e o estudo da natureza. Teoría hilemórfica. Teoría do movemento. Tipos de movemento. Teoría das catro causas. O modelo do universo. Xerarquía de seres e modos de ser. Antropoloxía. Concepción de alma e corpo. A ética de Aristóteles: fin, felicidade e virtude. A política: natureza, orixe, réximes.

Bloque 3. A Filosofía medieval

▪ A aparición do cristianismo. O cristianismo e a filosofía. A confrontación entre as teorías gregas e os dogmas cristiáns. O gnosticismo e o maniqueísmo. Agostiño de Hipona. O camiño cara á verdade. A razón e a fe. O ser humano. Filosofía da historia.

▪ A escolástica: Inicio e desenvolvemento da Escolástica. Anselmo de Canterbury. Tomé de Aquino e a escolástica. A recepción de Aristóteles. Averroes e o averroísmo latino. O aristotelismo de Tomé de Aquino. As relacións entre a fe e a razón. Estrutura da realidade. A verdade. Esencia / Existencia. Ser contingente / Ser necesario. Demostración da existencia de Deus. A esencia de Deus. Deus e o mundo. O ser humano. Teoría ética e política. Lei divina, lei natural e lei positiva.

Bloque 4. A Filosofía moderna

▪ Características principais da ciencia antiga, medieval e renacentista. A revolución copernicana. As principais aportacións do pensamento dos teóricos do impetus, Copérnico, Kepler, e Galileo. A vinculación do empirismo e racionalismo ca revolución científica. Renacemento e Reforma.

▪ René Descartes. O nacemento da filosofía moderna. Concepción do saber: filosofía, ciencia e matemática. Teoría do coñecemento: o problema do método. O método. A dúbida. O descubrimento do “Cogito”. O criterio de certeza Clasificación das ideas. Razón e realidade: a teoría das tres substancias. A existencia de Deus. A física cartesiana. O dualismo antropolóxico e as súas consecuencias. A moral por provisión: o problema da liberdade.

▪ Empirismo e racionalismo. Contexto sociohistórico do pensamento empirista. Principais elementos empiristas no pensamento de John Locke. A idea de “estado de natureza” como fundamento ideolóxico do novo estado burgués. A teoría do contrato social en Locke. David Hume e o empirismo escéptico. A teoría do coñecemento e o fenomenismo. A crítica da metafísica e da causalidade. A natureza humana: costumes e crenzas. A teoría ética: o emotivismo moral. A teoría política: o utilitarismo.

▪ O idealismo transcendental de Immanuel Kant. Contexto sociohistórico: Kant e a ilustración. Rasgos xerais da Ilustración. Kant filósofo ilustrado O criticismo kantiano como síntese superadora do racionalismo e do empirismo. Teoría do coñecemento: posibilidade e límites. O problema da metafísica. A concepción Kantiana do coñecemento. O xiro Copernicano. Os xuízos sintéticos “a priori”. Cooperación sensibilidade / entendemento. Formas “a priori” da sensibilidade. Conceptos puros do entendemento (categorías). Os límites do uso das categorías: “Fenómeno” e “Nómeno”. Crítica á metafísica (psicoloxía, cosmoloxía, teodicea). A metafísica “transcendental”. A metafísica como fe racional. A vontade boa: obrar por deber. A lei moral. Máxima e imperativo. O imperativo categórico. Os postulados da razón práctica. A razón práctica. Formalismo moral: liberdade e autonomía. Teoría xurídico-política: a paz perpetua.

Bloque 5. A filosofía contemporánea

▪ O marxismo. Revolución industrial e movemento obreiro. O nacemento das ciencias sociais. Biografía de Marx. Precedentes do pensamento de Marx. A filosofía clásica alemana: O método dialéctico (Hegel). A alienación (Feuerbach). Idealismo / materialismo. A economía política inglesa: Influencia no pensamento marxiano. O socialismo utópico francés. A esquerda hegeliana. Crítica de Marx á esquerda hegeliana, ó socialismo utópico e á economía política inglesa. Antropoloxía marxista. A alienación humana. O materialismo histórico. Teoría e praxe. A Ideoloxía. O traballo. A mercadoría. O valor de uso, valor de cambio e plusvalía. O capital.

▪ A filosofía de Nietzsche. Un novo marco científico: evolucionismo e positivismo. A herdanza da Ilustración. Biografía. O estilo aforístico e o método. Crítica da cultura occidental: relixión, moral, filosofía e ciencia. Crítica á metafísica occidental. O erro de occidente. Concepción da realidade. O “Apolíneo” e o “Dionisíaco”. O coñecemento. Razón / Sentidos. A verdade. Os valores. “Moral de escravos” e “moral de señores”. A morte de Deus. O nihilismo. A vontade de poder. O eterno retorno. O superhome. A transvaloración dos valores. A nova realidade emerxente. A vontade de poder.

Ademais incorporan en tódalas unidades os seguintes contidos comúns de procedemento ou instrumentais: A realización segundo a seguinte estrutura de:

Comentario de texto

- -Comprensión. Consiste en enunciarse o que hai nun texto dado, desenvolvendo poñendo de releve as expresións máis cargadas de sentido, reordena-los seus elementos segundo a súa importancia no discurso, facer explícitas as súas articulacións implícitas co fin de revelar o seu esquema argumentativo.
 1. Localización do tema e idea principal.
 2. Identificación das teses fundamentais.
 3. Análise conceptual.
- .Explicación: Trata de entaboar un diálogo co texto, co fin de mostrar cál é a súa función na obra da que está tomado e de apreciar o seu papel no pensamento filosófico do autor. Pode desembocar nunha reflexión máis longa na que entren en xogo o pensamento doutros autores e mesmo a reflexión persoal fundamentada do comentador.
 4. Desenvolvemento e posta en relación con outra información -do pensamento do mesmo autor, da liña de pensamento ou movemento- pertinente ao contido, teses e conceptos.
 5. Contextualización do asunto tratado, no lugar e evolución do pensamento do autor e do movemento, e respecto ao momento histórico. É fundamentalmente para contrastalo con o doutros autores, e épocas.

Traballo monográfico

Será unha composición escrita individual ou en grupo -que pode ser defendida oralmente diante da clase, se así se establecera- de carácter filosófico dun tema ou apartado do mesmo que manteña relación cos contidos propios da materia. Para cuxa confección recibirán orientacións do profesor, na que aparezan reflectidos con boa presentación, claridade, organización, e desenvolvemento suficiente as liñas principais e secundarias que o explican, as cuestións máis destacadas e importantes, as polémicas máis relevantes que suscitou, as principais influencias que supuxo na historia do pensamento en xeral, do movemento ou do autor. É serva de base e recurso para expoñelo e defendelo, dando resposta as preguntas que lle fagan, tanto os demais compañeiros como o profesor, sobre algún aspecto significativo relacionado co mesmo.

Exercicio de aplicación dos coñecementos

Correspondendo a características específicas de cada un deles -deberase resumir, analizar, sintetizar, comparar, valorar, deducir, comentar, completar, etc segundo o caso.- ben sexan de lóxica, epistemoloxía, psicoloxía ou socioloxía, etc.

Avaliación

Criterios de avaliación

1. Ordenar e situar cronoloxicamente os períodos, problemas, autoras e autores que se estudan, identificando as súas características distintivas e establecendo as relacións correspondentes.
2. Relacionar os problemas filosóficos estudados coas principais condicións socioculturais en que aparecen e a que pretenderon dar resposta.
3. Expoñer por escrito os aspectos dunha teoría filosófica individual, dunha escola ou período de forma completa, clara e coherente.
4. Analizar textos filosóficos identificando a súa estrutura, teses e argumentos e máis explicando os seus conceptos no marco do pensamento correspondente.
5. Comentar criticamente textos filosóficos, identificando os seus supostos implícitos, a consistencia dos seus argumentos e a vixencia das súas achegas na actualidade.
6. Elaborar pequenos traballos (buscas de información, recensións de lecturas, exposicións orais ou composicións escritas) sobre algún autor ou autora ou algún aspecto transversal a varios autores ou autoras con pautas metodolóxicas establecidas.
7. Participar en debates sobre algún tema filosófico de actualidade relacionado con contidos da materia, realizando escoita activa e exposición razoada e respectuosa.
8. Utilizar comprensivamente un vocabulario técnico específico en todas as actividades realizadas.

Procedementos e instrumentos de avaliación

A *avaliación continua* ha de entenderse como un proceso de diagnóstico dos progresos e dificultades dados ao longo do proceso educativo, como seguimento do traballo diario, plasmándose nas

respectivas cualificacións de avaliación, e a súa vez na totalidade do curso esixíndose que tódalas avaliacións estean aprobadas ou recuperadas para estimarse acadado un coñecemento axeitado da materia de historia da filosofía.

No caso de suspender a avaliación ordinaria de xuño haberá unha proba extraordinaria de setembro estruturada de modo semellante á proba de selectividade proposta pola C.I.UG.A. para esta materia.

Se pode considerar *abandono* da materia cando o alumno ademais de mostrar desinterese o unha actitude negativa cara a materia que impida o normal desenvolvemento da clase, incorre de modo reiterado ao longo dun trimestre e tras sucesivos avisos e amoestacións por parte do profesor ou titor ou xefatura de estudos nalgunha das seguintes causas:

- Non asistir as clases sen causa xustificada .
- Asistencia as clases sen o material necesario para desenvolver a materia.
- Asistencia as clases interrompendo ou alterando reiteradamente e deliberadamente a labor docente polo que fora motivo de tres ou máis actas de expulsión.
- Non presentar traballos, exercicios, etc. propostos polo profesor e necesarios para a avaliación continuada do alumno .
- Non presentarse a exames, controles, ou no caso de presentarse deixalos en branco u obter cualificacións iguais ou inferiores a unidade .

A perda por abandono do dereito a avaliación continua comunicárase ao alumno e pais segundo o protocolo ao efecto que teña estipulado o centro. Se lle proporcionarán indicacións dos contidos nos manuais nos que estean desenvolvidos e só terá dereito a presentarse a unha proba específica na avaliación final segundo os mesmos criterios de avaliación aplicables expostos neste punto e os contidos mínimos relatados, e maila avaliación extraordinaria da materia.

Tendo en conta o principio de atención á diversidade na avaliación usaranse unha pluralidade de instrumentos de avaliación:

1. *A observación sistemática do que facer na aula* valorando a participación, o esforzo, a atención, o traballo, o interese, a implicación, as intervencións orais, as exposicións específicas, etc.
2. *O caderno do alumno* no que apareceran reflectidas actividades diversas como apuntes, comentarios de texto, vocabulario, resúmenes, exercicios, traballos, etc. Será valorado na súa claridade e completitude.
3. *Os traballos monográficos* elaborados de forma grupal ou individual, así como os exercicios sobre lecturas de textos relacionados co temario, terán unha valoración específica. A presentación de tódolos traballos obrigatorios solicitados no curso será unha condición imprescindible para superar a avaliación correspondente.
4. *A Autoavaliación* razoada encamiñada a regular a propia aprendizaxe con responsabilidade e autonomía.
5. Probas escritas e orais de todo tipo (test, preguntas breves, e cuestións para desenvolver) que serven para a toma de conciencia de acertos e erros cometidos para mellorar no proceso de aprendizaxe; terán un peso especial na avaliación. deseñaranse para este fin diferentes tipos de probas para recoller a maior variedade de datos sobre os estados de aprendizaxe, podendo adaptar algunhas delas ó modelo proposto pola Coordinación da proba de Acceso á Universidade, ben en parte ou na súa totalidade.

A cualificación total resultante de cada avaliación será o resultado da seguinte media ponderada:

- *proba global da avaliación* o 40%
- *probais parciais* (test, preguntas breves e para desenvolver) o 40%
- restantes *instrumentos de avaliación* (traballos, cuestións puntuais orais e escritas, observacións do caderno, atención e interese, participación, actitude, etc.) o 20%.

A cualificación final resultante da avaliación ordinaria de xuño será o resultado da media aritmética das sucesivas avaliacións trimestrais, tomando ao caso como referencia a mellor das dúas cualificacións obtidas: na sesión de avaliación ou na proba de recuperación da mesma. E a cualificación final resultante da avaliación extraordinaria de setembro será a obtida no exame correspondente, mailas consideracións pertinentes e legais resultantes da sesión de avaliación.

En conclusión a forma de avaliar garda coherencia coa metodoloxía proposta estruturándose en dous bloques principais como son o traballo diario na aula e o reflexo do mesmo e dos coñecementos adquiridos nas respostas ós diversos tipos de probas escritas.

PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL

Módulo Formativo De Carácter Xeral: Sociedade E Cidadanía

Obxectivos didácticos

1. -Coñecer e valorar as características organizativas, sociais e culturais fundamentais do contorno.
2. -Coñecer e valorar os principais trazos das organizacións sociais e culturais do Estado.
3. -Coñecer as características da sociedade democrática e tomar conciencia da necesidade de participación, con recoñecemento dos dereitos e dos deberes da cidadanía.
4. -Coñecer as principais institucións supranacionais: Unión Europea e organismos internacionais.
5. -Coñecer e analizar os problemas sociais do mundo actual.

Contidos mínimos

- Coñecemento da organización social de Galiza. Institucións e servizos públicos da Comunidade.
- Coñecemento da organización do Estado español. O sistema das autonomías.
- O sistema democrático: participación cidadá; dereitos e deberes; a Constitución e o Estatuto de autonomía.
- Galiza e España en Europa. Organismos internacionais. Política de cooperación.
- Coñecemento doutros modelos sociopolíticos actuais.
- Desequilibrios e conflitos no mundo actual. A acción humana como causa e efecto dos problemas. A globalización. O compromiso persoal.
- A violencia como lacra da sociedade; violencia entre pobos e violencia de xénero.
- Desenvolvemento e consumo. Consumo responsábel.
- Educación viaria: normas de seguranza e condución responsábel.

Distribución temporal dos contidos mínimos

1. Galiza

1.1. Galiza, a súa xeografía:

- a) Coñecer a xeografía galega
- b) Localizar a Galiza nun mapa.
- c) Coñecer a división interna de Galiza (en provincias)
- d) Localizar as catro provincias nun mapa.
- e) Coñecer as principais cidades, vilas e localidades en xeral galegas.
- f) Localizar as localidades na provincia respectiva.
- g) Localizar as localidades nun mapa.

1.2. Galiza, a política:

- a) Coñecer sumariamente o Estatuto de autonomía de Galiza.
- b) Coñecer as principais institucións da organización social de Galiza: goberno, parlamento, tribunais de xustiza (T.S.X.G.), deputacións, concellos, institutos de educación.
- c) Coñecer como se elixen os compoñentes das principais institucións políticas de Galiza. Por exemplo, os directores dos centros de ensino.
- d) Coñecer como se pode participar na vida política de Galiza.

1.3. Galiza, a economía:

- a) Os sectores económicos en Galiza.
- b) Distribución da poboación empregada por sectores.
- c) Outros indicadores económicos: nivel de renda Galiza, PIB ...

2. España

2.1. España, a súa xeografía:

- a) Coñecer a xeografía española.
- b) Localizar a España nun mapa.
- c) Coñecer a división interna de España (en provincias e en autonomías)
- d) Localizar as autonomías nun mapa.
- e) Coñecer as principais cidades españolas.
- f) Localizar as localidades na provincia respectiva.
- g) Localizar as localidades na autonomía respectiva
- h) Localizar as localidades nun mapa.

2.2. España, a política:

- a) Coñecer sumariamente a Constitución española.
- b) Saber que é iso do Estado das autonomías.
- b) Coñecer as principais institucións da organización social de España: goberno, parlamento, senado, tribunais de xustiza, tribunal constitucional, consello xeral do poder xudicial.
- c) Coñecer como se elixen os compoñentes das principais institucións políticas de España.
- d) Coñecer como se pode participar na vida política de España.

2.3. España, a economía:

- a) Os sectores económicos en España.
- b) Distribución da poboación empregada por sectores.
- c) Outros indicadores económicos: nivel de renda española, PIB ...

3. Europa

3.1. Historia e a xeografía de Europa:

- a) Da IIª Guerra Mundial á Unión Europea.
- b) Localizar os anos e os países que interviron nos momentos relevantes da construción da Unión Europea.
- c) Localizar e distinguir nun mapa os países que forman a Unión Europea.
- d) Coñecer as capitais e principais cidades da Unión Europea.
- e) Distinguir a bandeira de cada un dos países que forma a Unión Europea.
- f) Países europeos que non están na Unión europea: os que queren e os que non queren.

3.2. Política da Unión Europea:

- a) ¿Constitución europea? Tratados.
- b) As principais institucións da Unión europea.
- c) Procesos (electorais ou doutro tipo) para formar parte desas institucións. O "déficit democrático" europeo.
- d) Participación na vida política europea.

3.3. Economía da Unión Europea:

- a) Indicadores económicos da Unión Europea.

4. A O.N.U.

4.1. Breve historia da ONU: ¿como se formou?

4.2. A Carta das Nacións Unidas.

4.3. Principais institucións das Nacións Unidas.

4.4. Función e proceso de elección dos compoñentes destas institucións.

5. A globalización

5.1. ¿Que é iso da globalización?

5.2. Vertentes da globalización: económica, política, cultural, social.

5.3. Consecuencias da globalización.

6. O consumo e o consumismo

6.1. Diferenzas entre consumo e consumismo.

6.2. O papel da publicidade.

6.3. O consumo responsábel

7. A educación viaria

7.1. Normas de seguranza.

7.2. Condución responsábel.

Avaliación

Crterios

Preténdese comprobar se o alumnado é capaz de:

1. -Coñecer a distribución xeográfica de Galiza (organización e paisaxes galegas, e a súa economía), localizar en mapas a súa situación, e argumentar as causas e as consecuencias das súas características.
2. -Coñecer a estruturación do Estado español en comunidades autónomas. Valorar as diferenzas como elemento enriquecedor. Saber localizar as comunidades en mapas. Organizar itinerarios para se mover entre elas.
3. -Coñecer e apreciar o sistema democrático. Representación da cidadanía. Participación como valor para a mellora da vida na comunidade. Deberes e dereitos.

4. -Coñecer sumariamente a Constitución española. Dificultades para os consensos. Significado dunha norma común.
5. -Coñecer sumariamente o Estatuto de autonomía e o longo percorrido pola historia até chegar a el. O Goberno autónomo e as relacións co resto do Estado español.
6. -Analizar as desigualdades no mundo actual. Reflexionar sobre a multicausalidade. Valorar a cooperación entre os pobos.
7. -Recoñecer o consumo responsábel. Papel da publicidade. Valorar igualmente a capacidade de comprender os prexuízos que pode provocar na vida persoal e na do contorno.
8. -Recoñecer a necesidade de seguranza viaria para persoas condutoras e peóns.

Procedementos e instrumentos

- -Terase en conta a participación do alumno nas actividades da aula.
- -Valoraranse as respostas nas que localice localidades (de Galiza, España ou Europa), comunidades autónomas e países da Unión Europea nun mapa.
- -Contarase con tests a cubrir polo alumno con preguntas referidas a institucións galegas, españolas, europeas e da ONU, así como a procedementos de selección das persoas que integren ditas institucións.
- -Anotaranse as respostas a preguntas breves ou tipo test referidas á educación viaria, onde poida mostrar unha comprensión das esixencias da mesma e do seu coñecemento ao respecto.
- -Cualificarase a participación en debates e a defensa de posicións por parte dos alumnos, especialmente a capacidade de intervención respectuosa, o saber escoitar, e a elaboración de argumentos nos que apoiarse.
- -O alumno sempre poderá aportar calquera escrito se considera conveniente matizar, precisar, rectificar ou ratificar o exposto e valorado previamente. En orde á cualificación final (ou parcial, de ser o caso) terase en conta o último aportado polo alumno, como se dunha recuperación se tratase.
- -O mínimo imprescindible para superar a materia estará na realización de todas as actividades propostas polo profesor, así como a resposta ás preguntas que este formula. O grao con que se execute ese traballo determinará as cualificacións superiores ao aprobado; a non realización desas actividades implicará a insuficiencia. Considerarase que non se cubriu ese mínimo se o alumno se abstén de realizar unha actividade por trimestre.
- -Unha expulsión de clase supoñerá unha redución de 0,5 puntos na cualificación nesa avaliación. Dúas expulsións reducirán en 1,0 dita cualificación. Tres expulsións farano en 2 puntos. Catro expulsións supoñerán o suspenso nesa avaliación. Cinco expulsións supoñen o suspenso no curso e a proposta para a expulsión no Programa de Cualificación Profesional Inicial.